

MARÍA PILAR PANERO GARCÍA

“A máscara ten sempre carácter mediador”

Esta antropóloga zamorana, investigadora principal do proxecto Erasmus+MASKS, analiza a función e importancia das mascaradas de inverno e do Carnaval para as comunidades rurais

TEXTO: Ángeles Rodríguez
FOTO: Carlos Barrena (UVa)

Non é un simple obxecto. A máscara é “parte dunha cultura e a súa expresión, e reproduce de forma concentrada o tempo mítico e o cotiá”, asegura María Pilar Panero García, directora da Cátedra de Estudos sobre a Tradición da Universidade de Valladolid (UVa) e investigadora principal do proxecto Erasmus+MASKS, quen aborda nesta entrevista a importancia e significado deste elemento nas festas de inverno, entre elas, o Carnaval. Esta última tradición coñécease dende meniña, xa que na súa aldea, Almeida de Sayago (Zamora) nos 80 saía a Vaca Bayona, “pero a festa estaba moi diluída e os antigos ritos agrarios xa se perderan. Mantíñase como un divertimento dos nenos. Recórdoo como algo inquietante ao que non me plantexaba renunciar, simplemente era o que tocaba neses días de Carnaval”. Hoxe, tras a súa recuperación no 2005 e varios cambios como a data, esta festa converteuse “nunha *performance*”, di.

¿Como nace o seu interese polo mundo das tradicións e polo seu estudo?

Sempre me interesou a oralidade, o teatral e parateatral e os ritos teñen moito diso, pero tardei en dedicarme a este campo. A motivación veu dada porque cursei antropoloxía cultural na universidade e entrei en contacto coa Cátedra de Estudos sobre a Tradición (UVa) e a Fundación Joaquín Díaz. Pódese dicir que ata os 23 ou 24 anos non mo plantexei. Despois seguí os pasos habituais na academia e, agora, que podo elixir, continúo neste camiño sen intención de deixalo. Creo que o folclore está en uso (ás veces en “abuso” como dixo Martí), pero é un lugar privilexiado para ver como se comportan os grupos.

¿Que importancia teñen as máscaras nas festas de inverno en Castela e León?

Teñen moita, aínda que hai tal cantidade de interferencias que ás veces custa diferenciar o eco das voces. O problema é que se pon todo ao mesmo nivel e non todo é igual. Non é o mesmo un pobo que mantén

a súa tradición que outros actos. Temos festas con máscara nun período que vai desde o Nadal á Epifanía, no Entroido propiamente dito, no Corpus e nalgún outro ámbito como algunha romaría, contextos que comparten con infinidade de lugares. Tamén hai moitas celebracións de transgresión sen máscara. O importante non reside na orixinalidade, non o somos, e tampouco no cuantitativo. O local sempre ten tentáculos no xeral e universal, aínda

que non se perciba. Si son importantes, porque moitas destas festas con máscara constitúen unha parte das comunidades e axúdanas a entendelas e cohesionalas. E unha parte delas, con todos os cambios que se queira, teñen un substrato de longa duración que interpela aos protagonistas, que agora tamén son mulleres, que se senten representados por “a súa” máscara e son capaces de apreciar a do outro.

¿Que diferenza ao Carnaval das cele-

bracións con máscaras do solsticio de inverno?

O Entroido que se celebra xustamente antes da Coresma é fillo desta, aínda que sexa pródigo, como dicía don Julio Caro Baroja. É dicir, é fillo do cristianismo e este sabemos cando nace. As celebracións do solsticio teñen un substrato antiquísimo que non podemos datar, aínda que foron tamizadas polos valores e as formas cristiás. Temos de todas porque o que se conserva

Pilar Panero, na mostra “Ritos e Rituais de Inverno. Colección de N.J. Rodrigues Gonçalves (Duero-Douro)”, no Museo da Universidade de Valladolid.

con raizame, e moitas recuperacións non a teñen, están en varios períodos, nos “doce días máxicos” que mencionaba antes e no Carnaval. Unha hipótese razoable, aínda que difícil de probar e que comparto con outros investigadores, é que algunhas festas con máscara que se celebran en Entroido son traslados doutras festas antigas de fin de ano. Algunhas mesmo se celebran de forma extemporánea no verán, pero manteñen os trazos das mascaradas de inverno. Non deixamos de cambiar festas de data. Cando o fai o poder escúcase, búscanse razoamentos e acátase; cando o fan pequenas comunidades rurais parece que cometeron un sacrilexio que atenta contra algo que eu non se que é, pero que se coñece como “esencia”.

¿Que singularidades presentan as manifestacións tradicionais de Carnaval que aínda perviven en Castela e León?

A pesar de que se comparten trazos, non é un contrasenso afirmar que cada máscara é diferente. Por exemplo, os tres zangarros da provincia de Zamora comparten elementos entre eles e con outras moitas máscaras, pero son especiais e o conxunto de accións que executan fanas únicas. Algunhas persoas insisten en que as festas de primeiros de ano non son entroidos, pero o certo é que están cheas de inmersións. Hai diversas tipoloxías e, por desgraza, en zonas cunha atonía demográfica como a nosa esta singularidade crea comunidade. Algunhas festas de Carnaval son especiais como a de Villanueva de Valrojo en Zamora ou os guirrios de varias localidades de León; outros como La Bañeza, Toro, Ciudad Rodrigo, Cebreros son carnavais históricos consolidados.

Cando se fala de Carnaval ou de mascaradas, sempre se asocian con manifestacións profanas, pero, ¿podería establecerse algunha relación entre elas e o sacro?

A máscara hoxe perdeu unha gran parte

Continúa na páxina seguinte



“Os contextos coas máscaras dan soporte a entramados sociais híbridos e cambiantes que identifican ben aos colectivos que as viven”

Vén da páxina anterior

da súa función ritual devindo nun obxecto estético que nos deixa relacionarnos e, nas nosas sociedades, non necesariamente con forzas divinas ou sobrenaturais. A máscara sempre ten un carácter mediador que se asocia con narrativas míticas sobre o cosmos e o tempo cíclico no que morre e renace a Natureza, base das relixións antigas. O problema, e non digo problema de forma negativa, é que perdemos esa concepción relixiosa. Con todo, o sacro e o profano, como expresión dunha relación sincrética de expresións da cultura, pode estar en costumes e tradicións, aínda que esquecésemos as explicacións do mundo. O sacro non é só a filtración do cristianismo en celebracións concretas. Vai moito máis alá, cada tempo ten as súas deidades.

¿Por que estas festas posúen tanto arraigamento e forza nas comunidades que as celebran, tanto en Castela e León como noutras zonas da península?

En moitos casos, e isto non só é cousa das máscaras pois pasa con outras festas, marcan a última diferenza lexítima nun espazo e tempo globalizado, demasiado homoxéneo. Os contextos coas máscaras, que son obxectos rechamantes e diferentes aos comúns, dan soporte a entramados sociais

híbridos e cambiantes que identifican ben aos colectivos que as viven. Estas festas sofren transformacións de forma e de fondo a pesar dalgunhas forzas resistentes ao cambio. En definitiva, achegan unha identidade e facilitan que os individuos sexan gregarios en compañía dos outros e fano de forma interxeracional. Esta é a clave do éxito. Achegan o mesmo que no pasado, cohesión social e unha activación da solidariedade, de compartir, a pesar da sociedade de consumo imperante. A máscara é parte dunha cultura e a súa expresión e reproduce de forma concentrada o tempo mítico e o cotián.

¿Que papel teñen os artesáns na conservación destas tradicións?

Tanto os artesáns profesionais como os construtores de máscaras, que son aquelas persoas que fan a súa máscara para usala eles ou outros membros para a súa festa sen unha motivación comercial, contribúen á defensa da memoria social e popular. Outras persoas que se animan a facer produtos artísticos relacionados coa máscara como tema, transformacións creativas, tamén fixan esa memoria e poden conducir aos propios e alleos á súa cultura. Os murais, a literatura, as esculturas, o cinema, as artes escénicas... tamén implementan os relatos sobre a máscara. Sen matizacións acerca do que separa ou une á arte e á artesanía,

podemos dicir que os artesáns son fundamentais fagan máscaras ou fagan calquera outro obxecto relacionado con elas. En calquera caso, debemos perpetuar os oficios e coñecementos tradicionais relacionados co vernáculo porque estimamos que son capaces de resignificar o pasado hoxe. Os mascareros son unha parte importantísima da cultura. Paréceme relevante que a Unión Europea recoñeza a través de MASKS ese valor que teñen.

¿En que consiste este proxecto no que participa como investigadora e tamén a Universidade de Valladolid?

“Unveiling the Arts and Works behind the MASKS (Project acronym: MASKS)”, nº 101139852 financiado pola *European Education and Culture Executive Agency* (EACEA) está dentro da Acción Clave 2 de Alianzas para o Coñecemento, que facilita proxectos transnacionais entre as universidades, os centros de formación profesional e as empresas para traballar en temas comúns. Nós estamos a crear unha formación sobre arte/artesanía e máscara. É un Erasmus+. Participamos 3 universidades, 2 institucións de formación profesional especializadas en artesanía, 2 cámaras de comercio, 2 institucións de investigación unha pública e unha ONG e un museo e 2 empresas. Os socios somos de Romanía, Italia,

Panero con Alexander Vaquero, Paulino e Adrián Blanco en San Vicente de la Cabeza, que fixeron un Atenazador para o proxecto MASKS.

FOTO: JESÚS CARAMANZANA



España e Portugal. Por desgraza é imposible contemplar todos os lugares. Somos humanos, aínda que tentamos acoller todo o posible. No 2024 documentamos algunhas técnicas e tipos de máscaras. De todas estas estamos a elixir as que imos impartir para pilotar a formación en liña. Algúns estudantes farán un intercambio Erasmus de formación práctica. Os materiais elaborados non se refugan pois son válidos como complementarios, do mesmo xeito que outros sobre ritos. É previsible que este paquete de traballo se mellore e amplíe ao longo da vida de MASKS. Como moitos socios temos perfil investigador estamos a aproveitalo para facer algúns estudos e publicalos como mellora. Poñelo en marcha foi duro, pero co equipo de calidade e o de difusión, que como o da xestión están operativos os tres anos, mantívose o tipo, por dicilo de forma coloquial. Fixémolo entre todos. Somos un bo equipo.

¿Hai vinculacións entre mascaradas de

“Hai elementos materiais e prácticas rituais relacionadas coa máscara que se repiten en todas as culturas campesiñas europeas”

inverno de Castela e León e do norte de Portugal? ¿E coas de Galicia?

Por suposto que si, hai similitudes en ritos do Noroeste peninsular. É máis, hai elementos materiais e prácticas rituais relacionadas coa máscara que se repiten en todas as culturas campesiñas europeas. Moitas levan e tráense en camiños de ida e volta con outras culturas coas que estive-mos en contacto polas causas que sexan. Hispanoamérica é un exemplo fabuloso. Se vemos a aceptación que teñen en todo o mundo carnavais como o de Río de Xaneiro, o canario ou o de Venecia entendemos que a cultura non ten unha adscrición única, non para. O mesmo pasa coas nosas

máscaras, aínda que non sexa tan evidente. Ao longo da historia houbo préstamos e axudas. En Galicia faise o traxe de fibra vexetal que viste espléndidamente o Tafarrón de Pozuelo de Tábara.

¿Que importancia teñen as mascaradas de inverno dentro do patrimonio inmaterial de Castela e León?

Distinguimos o patrimonio inmaterial do material para explicalo, aínda que separalos de facto é imposible. Hai aldeas nas que a máscara é a súa festa e, cando falamos de festa, falamos dun lugar común. Nas que a máscara non é importante vanse coñecendo máis e, como só se valora o que se coñece, creo que é positivo. A isto contribúe o entusiasmo das asociacións locais e as federacións provinciais.

¿Que supuxo a declaración BIC das mascaradas en Castela e León no 2023?

Creo que o BIC fíxose fatal. Declaráronse todas á vez nun acto de *buenismo* que non axuda ás que non cumpren uns criterios mínimos e, con todo, lastra ás que traballan desde hai anos, moitas veces con poucos medios e moito esforzo e ilusión. A tradición dá moito traballo aos que a manteñen con tesón e facer *tabula rasa* non parece razoable. É o café para todos de forma populista. Estou a favor dun BIC razoado que se resolva en base a uns criterios obxectivos e claros que os grupos cumbran e expoñan. Os que non cheguen

poden traballar para alcanzalos. A primeira declaración incluía unha lista de municipios e festas que non validaban o discurso previo, a segunda, que se fai un pouco máis tarde e é unha emenda pois o mesmo.

¿Como ve o futuro a medio prazo das mascaradas e do Entroido tradicional?

O problema xurde cando se celebran para o turismo, pero entón non podemos falar de festas, senón de *performances*. Unha máscara que se recupera ou que se recupera en clave de desfile non é unha festa, aínda que se execute nun ambiente lúdico. Aínda existe un pouso impertinente que cuestiona as celebracións rurais e táchaas de bárbaras desde o descoñecemento

e a superficialidade. Estes censores do rural poñen o foco dalgo rechamante e censúranos de forma superficial. Poden ser exemplos o Zangarrón de Sanzoles nas súas vésperas, a batalla “nabal” do Jarramplas en Piornal ou o Colacho saltando no Corpus en Castrillo de Murcia por poñer exemplos moi diferentes. Cando unha festa con máscara ou calquera festa ten un sentido para o pobo que a celebra, o turismo intégrase e faise pedagogía cos ignorantes, é dicir, explícase desde dentro, desde a emoción e o sentimento. Aí os celebrantes adoitan poñer moito empeño. Cada un é libre de pensar o que desexe e nos gustos persoais non entro, pero soxulgar sen ter nin idea creo, e isto é unha opinión, creo que non beneficia a ninguén. A globalización unhas veces é negativa porque homoxeniza, pero outras é acicate para que os grupos reivindiquen o que os fai especiais. O especial non quere dicir que sexa único, senón que os protagonistas celébrano coma se o fose. A vivencia profunda transcende. Unhas máscaras véxoas fortes, outras en decadencia e, en casos máis extremos, a piques de desaparecer. Tamén hai algunha invención tan estraña e pouco afortunada que non sei moi ben como definir. Ademais, hai outras que se recuperan xeralmente por emulación. Destas últimas a clave estará na cohesión e, o que é máis importante, a motivación dos que a manteñen. Non teño bóla de cristal, pero todo indica que moitas accións e elementos asociados poidan desaparecer por diminución da poboación ou por desafección. É curioso que, elementos que outrora foron centrais, refúganse cando deixan de ter sentido para o grupo, mentres que outros máis visuais, que encaixan no que hoxe gusta, poténcianse. E sucede que a festa dura uns días, pero a resaca da mesma pode seguir en debates ou coas imaxes compartidas, sobre todo nas redes. Estamos ante o que César Rina chama un ensanche festivo. Esta publicación, *Entroido en Galicia*, que edita o Periódico O SIL, é un exemplo e dáse nun contexto no que a festa é substancial para o territorio e as súas xentes. O debate e a reflexión con algo de distancia sempre é beneficioso. Con este avánzase socialmente e a máscara non está nunha burbulla, asume os cambios que a sociedade vai demandando.